

13 Secretaría Xeral

Asesoría Xurídica

A Asesoría Xurídica asume a responsabilidade de defender a UDC en todos os ámbitos procesuais, así como a de asesorar en Dereito os órganos da institución que teñen capacidade resolutoria.

Na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, a Asesoría Xurídica interveu en 154 procedementos, dos que 14 se iniciaron en 2008. Cómpre distinguir os incoados polo colectivo do alumnado, o persoal de administración e servizos, o profesorado e por terceiros alleos á comunidade universitaria. Así mesmo, hai que salientar que durante o ano 2008, se ditaron 100 sentenzas favorables á institución e 16 desfavorables. Na orde xurisdiccional social, interveu en 62 procedementos,

dos que 27 se iniciaron en 2008. Ditáronse 16 sentenzas favorables e 17 desfavorables. Na orde xurisdiccional civil iniciouse un procedemento e a única resolución foi favorable á UDC.

Por último, e con referencia aos informes que no exercicio da función consultiva, se emiten pola Asesoría Xurídica, elaboráronse 239 informes escritos.

A cifra de apuntamentos inclúe aqueles a que dan lugar as actuacións que se solicitan da Asesoría Xurídica, ben relacionadas cos servizos internos da UDC: 328, ben por mor de resolucións adoptadas polos xulgados e tribunais das distintas ordes xurisdiccionais: 1.634.

Convenios / acordos / protocolos	180
Contratación	23
Pregos	7
Alumnado	5
PAS	2
Profesorado	4
Normativa académica	3
Recursos do alumnado	2
Recursos do PAS	2
Recursos do profesorado	3
Recursos de contratación	4
Reclamacións previas á vía xudicial (profesorado)	2
Reclamacións previas á vía xudicial (alumnado)	2
Total	239

Cadro 187 Informes por escrito da Asesoría Xurídica en 2008

Procedementos iniciados	
Alumnado	3
Persoal de administración e servizos	3
Profesorado	5
Outros	3
Total	14

Resolucións xudiciais	
Sentenzas favorables á UDC	100
Sentenzas desfavorables á UDC	16
Autos favorables á UDC	21
Autos desfavorables á UDC	5
Total	142

Cadro 188 **Orde contencioso-administrativa en 2008**

Procedementos iniciados	
Persoal de administración e servizos	15
Profesorado	1
Outros	11
Total	27

Resolucións xudiciais	
Sentenzas favorables á UDC	16
Sentenzas desfavorables á UDC	17
Autos favorables á UDC	2
Autos desfavorables á UDC	1
Total	36

Cadro 189 **Orde xurisdiccional social en 2008**

Procedementos iniciados	
Outros	1
Total	1

Resolucións xudiciais	
Autos favorables á UDC	1
Total	1

Cadro 190 Orde xurisdiccional civil en 2008

Apuntamentos	2007	2008
Entradas no rexistro interno	293	328
Entradas no rexistro de xulgados	1.000	1.634

Cadro 191 Evolución do número de apuntamentos

Rexistro, documentación e arquivo

Rexistro

En 2008, a Unidade de Rexistro –unha das dúas en que se organiza o Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo– contabilizou, segundo se reflicte na táboa correspondente, preto de 16.000 entradas e máis de 20.000 saídas.

Rexistro de entrada	Rexistro Xeral:	8.937	Total: 15.978
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	1.512	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	5.529	
Rexistro de saída	Rexistro Xeral:	20.462	Total: 20.597
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	45	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	90	

Cadro 192 Asentos realizados polo Rexistro en 2008

O número total de asentos rexistrados de entrada e saída en 2008 ascendeu a 36.575, o que representa un incremento do 6,5% respecto a 2007.

O número total de consultas atendidas polo persoal do Rexistro en 2008, tanto de modo presencial como a través do correo electrónico, foi de 4.872. Esta cifra representa un incremento do 11,5% respecto ao ano 2007.

Hai que subliñar que o Rexistro Auxiliar de Elviña, que entrou en funcionamento o 19 de xaneiro de 2007, tivo en 2008 un incremento do 36% no número de asentos rexistrados respecto do ano anterior. Este dato é significativo e seguramente aventura unha tendencia crecente da actividade desta oficina de Rexistro.

Coa finalidade de difundir o Regulamento de Rexistro entre os centros da UDC, organizouse unha xornada informativa. Desenvolveuse na Reitoría o 17 de outubro de 2008 e asistiron as persoas encargadas do rexistro

nas diferentes facultades e escolas. Nesta “Xornada sobre a aplicación do Regulamento de Rexistro nos centros da UDC” tratáronse os principais puntos do regulamento así como a resolución das dúbidas que xurdían a respecto deste. Fíxose ademais unha edición do “Regulamento de Rexistro”, que se distribuíu entre os asistentes.

Outra cuestión que se tratou foi a futura implantación dun rexistro electrónico na Universidade da Coruña. Neste punto cómpre sinalar que xa se están a dar os pasos necesarios para a súa posta en marcha no ano 2010, tal e como é preceptivo. ◀

Centro de Documentación e Arquivo

A segunda das unidades do servizo é o Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña (CEDAR), especializado no tratamento e na xestión da documentación da Universidade. Opera tamén como apoio á docencia, á investigación e á xestión administrativa.

Transferencias de documentación	30
Unidades documentais transferidas	3.076
Unidades documentais procesadas	2.867
Espazo das unidades documentais procesadas	380 m

Cadro 193 **Documentación incorporada en 2008 ao CEDAR**

- As cifras de incorporacións reflicten un incremento do 245% respecto das transferencias realizadas en 2007. As unidades procesadas representan un aumento do 285% respecto a 2007. Este forte crecemento da documentación transferida e procesada representou tamén un notable aumento da carga de traballo.
- O CEDAR estivo presente nas XIV Jornadas de Archivos Universitarios, que tiveron lugar en Castellón en xuño, organizadas pola Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas, baixo o lema "A xestión estratéxica nos arquivos universitarios". Nestas xornadas desenvolveuse o pleno da "Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas", coa participación do CEDAR.
- Coa finalidade de dotar o CEDAR dun fondo documental de carácter histórico, fixéronse ao longo do ano diversas actuacións. Acometeuse a restauración dunha obra cartográfica galega do século XIX. Levouse a cabo a dixitalización dun grupo de documentos doados ao centro. Comezaron tamén as xestións para inventariar e describir outro fondo documental que pode recibir o centro.
- Organizáronse diversas reunións de traballo co persoal técnico responsable da aplicación informática de xestión de arquivos ("Albalá") que se utiliza no CEDAR. Esta aplicación conta con soporte informático do Centro Multimedia de Galicia, dependente da Xunta de Galicia.
- O 25 de xuño de 2008 constituíuse a Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos, que aparece recollida no regulamento do Centro de Documentación e Arquivo. Esta comisión é o órgano colexiado encargado da valoración das series documentais producidas polas unidades administrativas e de servizos da Universidade da Coruña.

